

O Día Internacional da Muller

Orixinalmente chamado Día Internacional da Muller Traballadora, celebrado por primeira vez en 1911 en Dinamarca, está recoñecido pola Organización das Nacións Unidas, ONU. Neste día conmemórase a loita da Muller pola súa participación, en pé de igualdade co home, na sociedade e no desenvolvemento íntegro como persoa.

É festa nacional nalgúns países.


A persistencia das desigualdades entre mulleres e homes na nosa sociedade e nos países máis empobrecidos, require medidas correctoras como na Constitución de 1978 (artigo 9.2) que obriga ás autoridades a remover os obstáculos que se opoñen á igualdade entre as persoas.

Nos colexios, nas familias, na rúa... é preciso reflexionar sobre a igualdade de oportunidades de ambos sexos.



WEB:

- “El príncipe ceniciento”.Vídeo, youtube
- “Roles sexistas en la familia”. Vídeo, youtube
- “El papel de la mujer en las películas de Disney”
- “Canción sobre la igualdad de género”. Youtube



8 de marzo

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

“ A nosa sociedade é masculina, e ata que non entre nela a muller non será humana.”

Federico Mayor Zaragoza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria
Sada y sus Contornos

A contribución das mulleres ao longo da historia

O protagonismo das mulleres foi moi ignorado ao longo da historia. Pero xa dende os primeiros tempos da nosa civilización a actividade das mulleres estaba limitada ao fogar e non tiñan ningún protagonismo na vida pública. Destacan, sen embargo, algunhas mulleres extraordinarias. Citamos algunhas delas:

- En Grecia hai casos como os de Hiparquía (340-300 a.C.) que foi unha das primeiras mulleres filósofas; ou o de Hipatía de Alexandría (370-415) que foi muller ilustrada e científica.

- Ata o século XVIII os dereitos da Muller foron ignorados. Olimpia de Gouges (1748-1793) publicou en 1791 a Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá.

- No século XIX nos EEUU e Inglaterra empeza a cobrar forza o feminismo, que se centrou fundamentalmente na reivindicación do dereito ao voto das mulleres. Este dereito no foi recoñecido nos EEUU ata 1920.

- No século XX, en España as mulleres conseguiron o sufraxio en 1933. Houbo moitas mulleres de distintas condicións políticas, sociais, culturais,... que loitaron pola defensa dos dereitos femeninos: María de Maetzu, Clara Campoamor, Vitoria Kent, Carmen Burgos...

As mulleres galegas e a súa contribución social

Algúns autores e autoras galegas sinalan as peculiaridades do sistema produtivo e rural galego, con predominio agropecuario (agricultura e gandería), xunto coa emigración masiva dos homes, como o detonante de que a muller galega sempre contribuíu de maneira decisiva á economía familiar

A muller en xeral e a galega en particular sufriron durante moito tempo a discriminación laboral. As leis nos últimos anos tratan de paliar esta discriminación laboral, que en moitos casos tamén é salarial.

Ao longo da historia houbo en Galicia mulleres que contribuíron decisivamente á conquista dos dereitos, liberdades e rexeitamento da discriminación feminina. Destacan:



Rosalía de Castro



Emilia Pardo Bazán

- **Concepción Arenal** (Ferrol 1820-1893). Considerou á muller como ser humano marxinado á que hai que axudar, estimular e respectar. Defende a dignidade da muller a través da súa educación.

- **Emilia Pardo Bazán** (A Coruña 1851-1921). Foi unha das primeiras feministas da súa época, denunciando o sexismo e promovendo cambios nunha educación para a igualdade.

- **María Maior Fernández de Cámara e Pita** (Sigrás, 1565-1643). Coñecida como María Pita, foi unha heroína da defensa da Coruña en 1589 contra a Armada Inglesa.

- **Rosalía de Castro** (Santiago de Compostela, 1837-1885) Poeta e novelista. Nas súas obras pode apreciarse a súa gran personalidade, o seu carácter recio e unha profunda empatía cos desvalidos, en concreto, coa emigración dos campesiños galegos. Así poderíamos seguir nomeando a máis, e a máis e... cada unha das mulleres que día a día seguen loitando co seu traballo, o seu esforzo, a súa entrega...